



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Ciencias sociais na educación secundaria II

Materia	Ciencias sociais na educación secundaria II			
Código	O02M066V05256			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Ciencias Sociais. Humanidades			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	5	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Economía financeira e contabilidade			
Coordinador/a	Sánchez Fernández, Patricio			
Profesorado	Sánchez Fernández, Patricio			
Correo-e	patricio@uvigo.es			
Web	<a href="http://http://patricio.webs.uvigo.es/">http://http://patricio.webs.uvigo.es/</a>			
Descrición xeral	A materia pretende acercar ós alumnos á práctica na aula do proceso de ensino-aprendizaxe das CCSS na Secundaria.			

## Competencias

Código	
B2	Coñecer o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procesos de ensino e aprendizaxe respectivos.
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
B4	Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada.
B8	Adquirir estratexias para estimular o esforzo do estudante e promover a súa capacidade para aprender por se mesmo e con outros e desenvolver habilidades de pensamento e de decisión que faciliten a autonomía, a confianza e iniciativas persoais.
C3	Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.
C4	Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes.
C5	Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas.
C7	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, tutoría e orientación académica e profesional.
C8	Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá.
C9	Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia.
C10	Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
C11	Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación.

C13	Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas.
C14	Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
D1	Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet.
D2	Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.
D3	Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarios

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Os estudantes chegarán a comprender de xeito integrado o proceso de ensino-aprendizaxe das ciencias sociais, a xeografía, a historia e o arte, promovendo a interdisciplinariedade e o emprego dos recursos axeitados.	B3 B4 C3 C4 C5 C7 C10 C13 D1 D2
Os alumnos manexarán os coñecementos da investigación en didáctica das ciencias sociais aplicados á resolución de problemas na práctica educativa: dinámicas grupais, traballo de campo e investigación,...	B2 B3 B4 B8 C3 C4 C7 C8 C11 C13 C14 D2
Os estudantes poderán promover o uso dos procesos de investigación na aula como base do desenvolvemento profesional, potenciando os camiños de colaboración cos demais profesionais do ámbito educativo.	B3 C4 C5 C9 C10 C14 D2 D3
Os alumnos manexarán os instrumentos de recoñecemento, análise e atención das características diferenciais do alumnado, segundo o seu desenvolvemento evolutivo, contextos familiares, sociais e culturais de referencia como primeiro paso para propiciar a súa motivación.	B2 B3 B8 C4 C5 C8 C10 C13 D2 D3

### Contidos

Tema	
As Ciencias Sociais como área de coñecemento escolar	As Ciencias Sociais na ESO e no Bacharelato  Análise do currículo: Principios xerais, fins, obxectivos, contidos, competencias básicas...

A clase de Ciencias Sociais: a búsqueda da interdisciplinabilidade. Materiais e recursos.

Programación

A Unidade Didáctica e as súas alternativas: traballo por proxectos, método ABP, estudo de caso, método de representación simbólica,...

Alternativas metodolóxicas: da lección maxistral participativa ao traballo cooperativo

Procedementos e técnicas específicas do traballo en Ciencias Sociais Dinámicas grupais.  
A asemblea.  
O traballo de campo: a investigación. Tratamento e proceso de datos.  
Elaboración de informes.  
As TIC nas clases de Ciencias Sociais.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	8	36	44
Estudo de casos	4	15	19
Presentación	6	24	30
Aprendizaxe baseado en proxectos	2	10	12
Saídas de estudo	4	15	19

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo. Bases teóricas e directrices dos traballos a desenvolver.
Estudo de casos	Análises dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e o grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto...
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización de actividades que permiten a cooperación e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Saídas de estudo	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais. Desenvólvense en espazos non académicos exteriores.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Sesión maxistral
Aprendizaxe baseado en proxectos	Proxectos

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Lección maxistral	Observación do grao de implicación, participación, actitude	10	B2 C3 D1 C4 D2 C5 D3 C9 C10 C11 C13
Estudo de casos	Observación do grao de implicación, participación, actitude	10	B2 C3 D1 B3 C4 D2 C7 D3 C8 C10 C14
Presentación	Avaliación individual por parte do docente da exposición de cada un dos proxectos. Ficha de autoavaliación	30	B2 C7 D1 B4 C8 D2 C13 D3
Aprendizaxe baseado en proxectos	Avaliación do documento elaborado en equipo. Análise por parte do docente. Ficha de autoavaliación	40	B2 C3 D1 C4 D2 C5 D3 C9 C10 C13
Saídas de estudo	Observación do grao de implicación, participación, actitude	10	B2 C3 D1 B3 C4 D2 C7 D3 C8 C10 C14

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización do traballo para a avaliación continua é obrigatoria. Por causas xustificadas está permitido faltar, como máximo, a 4 horas das sesións presenciais.

Os prazos das entregas das actividades, traballos, etc. serán comunicados polo profesor na clase e é necesario cumprilos para ser cualificados na avaliación continua.

O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha proba escrita na data que marque o calendario do mestrado para os exames oficiais (será feita pública oportunamente). Esta proba escrita suporá o 100% da puntuación e terá preguntas de tipo teórico e práctico ao redor dos contidos nucleares da materia.

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

#### Bibliografía Complementaria

Aguirán Pradas, J.; Valle González, J. C., **El área de las ciencias sociales:: concepto, didáctica, contenidos, técnicas, procedimientos y evaluación**, Fundación Investigación y Futuro, 2007

Della Puerta, D.; Keating, M, **Enfoques y metodologías en las ciencias sociales**, Akal, 2013

Iranzo, P., **Innovando en educación. Formarse para cambiar: un viaje personal**, Erasmus ediciones, 2009

Rosendo Ramos, David, **Ciencias Sociales y las nuevas tecnologías de la educación**, Wanceulen, 2010

Sarramona, J. y otros, **Formación básica para los profesionales de la educación**, Ariel Editorial, 2011

### Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

(\*)/

### Plan de Continxencias

### Descrición

En caso de circunstancias excepcionais e, segundo a instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado da Universidade de Vigo 3/2020, sobre a elaboración das guías docentes para o curso 2020/21, no caso de impartición das materias en modalidade non presencial a actividade docente impartirase mediante Campus Remoto utilizando a plataforma de teledocencia Faitic como reforzo e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.

- As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (tales como correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC ou semellantes) baixo a modalidade de concertación previa.

- O sistema de avaliación será a través de Campus Remoto e Faitic, coa debida adaptación a estas plataformas

---